POPULARES

A Pobra do Caramiñal

Concello de: POBRA DO CARAMIÑAL
Entrada n.º 935
Día 13 de 2 de 2016

Manuel Mª Durán Guillán, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular neste Concello, presenta, para a súa inclusión e debate na vindeira sesión plenaria a seguinte MOCIÓN relativa o control e seguimento dos acordos plenarios:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ante a manifestación realizada por un integrante do Equipo de Goberno no pasado pleno do mes de Xaneiro no transcurso do debate dunha moción do Partido Popular de que a súa intención non era levala a cabo no presente ano, aínda que os restantes grupos políticos representados no pleno xa manifestaran a intención de aprobala, manifestación que rectificou o alcalde despois de que este portavoz indicara que parecíalle un despropósito que a Alcaldía manifestara que non cumpriría con dita moción cando nas datas nas que se debateu, Xaneiro, cos orzamentos prorrogados, existindo consignación presupostaría e non habendo cuantificado unha cantidade concreta na moción debatida non exista argumento razoable para non levala a cabo.

Si a ese feito sumámoslle a falta de información sobre o estado de tódalas mocións presentadas e aprobadas e para que este tipo de aptitudes non se repitan o Grupo municipal do Partido Popular propón a Corporación a adopción do seguinte acordo:

2

Exixir a Alcaldía o compromiso de levar a cabo as mocións aprobadas no Pleno da Corporación xa que é o máximo órgano de representación do concello e presentar por escrito a cada grupo municipal un informe con periocidade trimestral do estado de tramitación de cada unha das mocións aprobadas onde se informe da situación de cada moción pendente incluindo unha relación das xestións , as contratacións, os prazos de execución das mesmos, compromisos acadados, etc.,

A Pobra 12 de Febreiro de 2016

Manuel Mª Durán Guillán
Concelleiro do Grupo Municipal do PP

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL